

MARICA CAMPO, ESCRITORA NA SÚA TERRA

Sección: Linguas Cooficiales y Minoritarias
en 13 Jun, 2013 - 12:32

- A escritora do Val do Mao recibirá o vindeiro sábado, 15 de xuño, no Incio, o seu concello natal, a Homenaxe A Escritora na súa Terra, impulsada pola Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG)
- Esta homenaxe comporta a entrega da Letra E (de escritora) e converte a Marica Campo en Socia de Honra da AELG

(A Coruña, 13 de xuño de 2013) A Homenaxe A Escritora na súa Terra, impulsada pola Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG), chega este ano á súa XIX edición recaendo, por decisión unánime da súa Asemblea de Socios e Socias, na figura de Marica Campo, que será homenaxeada na súa terra natal, o Val do Mao.

Esta iniciativa anual conforma xa unha tradición na traxectoria da Asociación, e tense constituído ao longo de case dúas décadas como unha celebración na que a terra de orixe do homenaxeada cobra un protagonismo fundamental. É vontade da AELG honrar escritores/as procurando o contacto directo co autor/a e a súa implicación persoal na xornada de homenaxe. Unha celebración múltiple e popular na que se vén recoñecendo a entidade literaria de insignes figuras das nosas letras, a través dunha serie de eventos como a entrega do galardón Letra E de escritor/a (unha peza escultórica asinada por un/ha recoñecido/a artista galego/a, neste caso Silverio Rivas), a plantación dunha árbore simbólica (unha camelia elixida pola propia autora), a colocación dun monólito conmemorativo e a atribución do nome da homenaxeada a un espazo público, neste caso ao Campo da Festa – Souto Marica Campo.

PROGRAMA DE ACTOS

11.30

Praza da Casa do Concello do Incio (A Cruz do Incio)

Acto de entrega da letra E

Interveñen:

- Laura Celeiro García, Alcaldesa do Incio
- Mercedes Queixas Zas, Secretaria Xeral da AELG
- Cesáreo Sánchez Iglesias, Presidente da AELG
- Xosé Ramón Freixeiro Mato. Laudatio

Entrega da peza escultórica de Silverio Rivas

- Intervención da homenaxeada: resposta á laudatio por parte de Marica Campo

13.00

Campo da Festa – Souto Val do Mao (Val do Mao)

Plantación da camelia (árbore simbólica da escritora) e descubrimento do Monólito conmemorativo

Descubrimento da placa que atribúe o nome da homenaxeada ao Souto.

Interveñen:

- Cesáreo Sánchez Iglesias, Presidente da AELG
- Marica Campo

A organización conta co apoio do Concello do Incio, a Deputación Provincial de Lugo e a Consellaría de Cultura.

Naceu María Pilar Campo Domínguez, a nosa Marica Campo, no ano 1948 no Val do Mao, Concello do Incio. Nesas datas e terras andaba Ánxel Fole a compor os magníficos contos "a carón do lume", ampliados despois como "contos da solaina", aínda coa nosa autora a gozar da infancia. Axiña os seus pais trasladaron a morada para Lugo, onde Marica vivía coa ilusión de tornar nos veráns ao Val do Mao, onde paseniamente se irá impregnando da lingua e dos modos de contar historias.

Sen présa por publicar, Marica Campo é unha autora serodia embora algúns dos seus poemas xa levasen anos circulando polo país, ás veces en forma musicada. Cando en 1992 sae Tras as portas do rostro xa batemos cunha voz poética maior, unha voz circia e madura que desborda beleza artística, tremor emotivo e paixón vital. Talvez para conter esa fervenza expresiva quixo a autora someterse ao molde do soneto nas trinta e tres xoias de Pedinche luz prestada, que a converten nunha das máis destacadas cultivadoras nas nosas letras. E aínda se atreveu coa sextina, ou mellor, as trinta e seis + tres sextinas do prodixioso Sextinario. Tamén na narrativa nos deixou froitos importantes, igual que no teatro e na literatura infanto-xuvenil, sen menosprezarmos a mestría que nos demostra día a día nos artigos de opinión –e de intervención– en diferentes medios.

Na súa traxectoria literaria e cívica transparece o firme compromiso coa Galiza, patria asumida e sempre reivindicada, e coa causa da xustiza e da solidariedade. Espírito libre, aberto e xeneroso, Marica Campo comprométese en cada texto coa calidade e dignificación artística da lingua, máis outra forma, en fin, de fidelidade e amor á Terra.

Máis información sobre Marica Campo:

<http://www.aelg.org/Centrodoc/GetAuthorById.do?id=autor208>

http://gl.wikipedia.org/wiki/Marica_Campo